



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 28 DE NOVEMBRO DO 2014

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os profesores Manuel-Reyes García Hurtado, Rosa Meijide Failde, Araceli Torres Miño, Pedro Gil Manso, Nuria Varela Feal, José Manuel Sobrino Heredia, Xurxo Dopico Calvo e Anxo Calvo Silvosa.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor ábrea e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa, en primeiro lugar, da reunión da CRUE que tivo lugar en Madrid o 12 de novembro. Non había orde do día, mais resultou útil para informar o punto en que están os reais decretos que tramita o goberno (están para ser informados polo Consello de Estado). Pode que se publiquen no mes de marzo, para implantarse no curso 16/17 a nova estrutura de estudos de grao. O reitor lembra os motivos que levaron a que o Consello de Universidades informara desfavorablemente o real decreto de graos. O Goberno non contestou nin sequera as alegacións e mostrou a súa vontade de continuar coa tramitación dos reais decretos.

O reitor dá conta dos seguintes nomeamentos:

- José Antonio Seoane Rodríguez, director da aula PAIDEIA.
- David Clark Mitchell, director do Departamento de Filoloxía Inglesa, tras as eleccións que tiveron lugar o pasado día 7 de novembro

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da previsión de publicación de convocatorias da Xunta de Galicia para as axudas predoutorais e de consolidación de grupos de investigación, das diversas xornadas de apoio á concorrència a proxectos europeos organizadas pola UDC, así como da xornada *A UDC coas empresas*. O vice-reitor informa tamén da presentación dor programa Oportunius da Axencia Galega de



Innovación, do comezo do traballo para a elaboración dunha estratexia de especialización intelixente para a investigación e a innovación, transfronteiriza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Por último, tamén dá conta da convocatoria de acceso ao viveiro de empresas de base tecnolóxica da UDC.

O **vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa dos seguintes aspectos:

- reunión do 17 de novembro na Consellaría sobre os títulos para o curso vindeiro;
- informe desfavorable sobre as modificacións do Mestrado de Urbanismo e de Asesoramento Xurídico;
- tamén se abordou a situación dos títulos de grao que contra xullo de 2015 non cumprirían o número medio de matriculados/as (presentación de plans de viabilidade).

A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa, en primeiro lugar, que desde o anterior Consello de Goberno, consonte a Base 9ª.2 do Orzamento, imputáronse ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio anterior por importe de 136,00€ euros no expediente V-0023-14, do que foi informada cumpridamente a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 21/11. Nesa mesma sesión, a comisión validou expedientes de gasto e os imputou a créditos de 2014 por importe total de 238.599,69€ dos expedientes C-0015-14 e C-0016-14.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa da autorización autonómica para a convocatoria das dúas prazas de promoción de axudante a axudante doutor, e a non autorización para a praza de contratada interina de substitución da Área de Filosofía Moral.

A **vice-reitora de Estudantes, Cultura e Deporte** informa de diversas actividades realizadas no mes de novembro. O día 8, Os Diplomáticos de Monte Alto, estiveron en concerto no campus de Elviña co gallo do 25.º aniversario da Universidade; este mesmo día 8, na Facultade de Economía e Empresa, tivo lugar a sétima edición da Feira de Asociacións de Estudantes da UDC, coa participación de 328 estudantes; os días 13 e 14 tiveron lugar as IV Xornadas de Observatorios Universitarios de Emprego, grupo pertencente á Rede Universitaria de Asuntos Estudiantís (RUNAE). Asistiron como relatores as entidades públicas e privadas dedicadas á observación da inserción laboral do estudiantado titulado, alén dos observatorios universitarios; os días 18 e 19 a Facultade de Economía e



Empresa acolleu a terceira edición do Foro Xuventude en Movemento en colaboración coa Deputación da Coruña e Europe Direct; os días 27 e 28 a Unidade de Divulgación Científica e Cultural organizou, na sede da Fundación Barrié da Coruña e en colaboración co grupo de estudantes da Facultade de Ciencias, UDCbigbang e o apoio do profesorado da mesma facultade, unhas xornadas de divulgación científica destinadas ao alumnado en idade escolar e á sociedade en xeral con máis de 1000 visitas nos diferentes postos instalados.

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa que con data 17 de novembro se publicou a resolución de axudas STA e STT para PDI e PAS no marco do programa Erasmus +. Publicouse esta semana a 2.^a convocatoria do Programa Iacobus, a cargo da Agrupación Europea de Cooperación Territorial/Agrupamento Europeo de Cooperação Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT), e froito dun convenio entre as universidades galegas e as universidades e institutos politécnicos do norte de Portugal, que financia estadias nestas universidades e institutos para PDI, PAS e persoal investigador das universidades asinantes que haberán de desenvolverse, para esta 2.^a convocatoria, entre o 1 de xaneiro e o 30 de abril de 2015; o prazo remata o 5 de decembro de 2014.

Así mesmo, informa de que se acaba de publicar a convocatoria para o profesorado estranxeiro que queira participar na 2.^a edición da International SummerSchool da UDC, que estrea nova web (pode consultarse en <http://www.iss.udc.es/>).

O **secretario xeral** informa que o pasado 14 de novembro o reitor lles remitiu aos catro grupos parlamentares e á Xunta de Galicia un escrito de alegacións ás leis de orzamentos da CAG para 2015 e á lei de medidas fiscais e administrativas (lei de acompañamento). Este escrito trata de abrir unha interlocución coa Xunta de Galicia para manifestar a postura desta universidade ante a política (orzamentaria) de feitos consumados do Goberno galego. O secretario explica brevemente o contido das alegacións, e indica que o documento foi incluído na documentación para este Consello de Goberno.

Por último, informa da marcha do proceso electoral en curso. Tras o acordo da Comisión Electoral Central do 27 de novembro, hoxe publícanse as listaxes de candidaturas definitivas. Tamén se publicará a listaxe, clasificada por centros, de procesos electorais vivos que se manteñen para o día da votación (11 de decembro). O secretario xeral solicita a colaboración



aos decanatos e direccións de departamento para difundiren os procesos vivos entre o estudiantado. Nesta mesma liña, vaise remitir a cartellaría electoral aos centros.

O **xerente** informa, en primeiro lugar, da sinatura o pasado 17 de novembro do Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC, co contido do que se deu conta no anterior Consello de Goberno e que entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2015.

Dáse conta tamén da resolución ditada pola Xerencia con data 18 de novembro actual pola que se reconece o dereito e se ditan instrucións para a devolución da parte devindicada correspondente á paga extraordinaria do mes de decembro de 2012.

Informa, finalmente, de que conforme á Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, establécese, entre outras obrigas, o uso obrigatorio da factura electrónica a partir do 15 de xaneiro de 2015, cos efectos previstos sinaladamente no seu artigo 11. As universidades do SUG integraranse, para estes efectos, no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma, a través do Sistema Electrónico de Facturación (SEF) da Xunta de Galicia, que deberá conectarse co sistema económico-contable da UDC (Universitas XXI). Na actualidade estanse a desenvolver os traballos precisos para a posta en marcha do novo sistema de recepción da facturación por parte de todas as unidades tramitadoras de gasto da UDC, para a súa operatividade na data indicada.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de outubro

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de outubro do 2014.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que



figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en oito convenios específicos (8), e cincuenta e dous convenios para prácticas (52) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Modificación do regulamento de creación e ordenación da sede electrónica da UDC

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, quen explica que, unha vez preparada a aplicación informática do taboleiro electoral electrónico, procede modificar os artigos correspondentes do Regulamento de creación e ordenación da sede electrónica da UDC para incorporar unha regulación máis exhaustiva, máis segura, desta ferramenta, que permitirá utilizar a web como instrumento de publicación de actos e comunicacións con garantías de fe.

A proposta incorpora varios artigos ao regulamento, e dúas disposicións adicionais, habilitándose á secretaría xeral para que se refunda a disposición vixente, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do sistema universitario de Galicia.

Tras a exposición do secretario xeral, apróbase por asentimento a convocatoria e incorpórase como **anexo IV** á presente acta.

5. Renovación de títulos propios

O reitor cédelle a a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, que expón as propostas de renovación de títulos propios:

- novo Curso de Especialización en Protocolo, Comunicación e Imaxe Corporativa;
- renovación do Curso de Especialización en Xestión Empresarial da Innovación;
- Curso de Formación Específica de Posgrao en Cooperación Internacional ao Desenvolvemento e Xestión de Organizacións non Gobernamentais;
- Curso de Formación Específica de Posgrao en Innovación na Empresa: I+D+MK;
- Curso de Formación Específica de Posgrao en Recursos Avanzados para a Avaliación e o Adestramento da Forza;



- Curso de Formación Específica de Posgrao en Xestión Integral da Empresa Innovadora.

Ao non se produciren intervencións, apróbanse as modificacións e novas propostas, que se incorporan á documentación como **anexo V**.

6. Calendario de novas propostas e renovación de títulos de grao e mestrado

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías co fin de explicar o calendario para a presentación de novas propostas e renovacións de títulos de grao e mestrado.

Intervén a decana de Filoloxía para preguntar se os plans de viabilidade van por este calendario. O vicerreitor replica que os plans de viabilidade van polo seu propio calendario específico, téndose en conta que, se inclúen novas propostas de títulos, deberán considerar este calendario xeral.

O profesor Manuel Casteleiro solicita aclaración sobre os calendarios de novas propostas de programas de doutoramento.

Ao non haber intervencións, a proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **anexo VI**.

7. Premios extraordinarios de bacharelato

Toma a palabra a vicerreitora de Estudantes, Deporte e Cultura para presentar a proposta de concesión de premios extraordinarios de bacharelato, de acordo coa proposta da Comisión de Extensión Universitaria do 21 de novembro do 2014.

Apróbanse por asentimento e incorpóranse como **anexo VII**

8. Acordo de aprobación da normativa de dedicación do PDI

Toma a palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, quen solicita a aprobación do Consello de Goberno para a Normativa de dedicación do persoal docente e investigador.

Esta proposta foi negociada intensamente durante os últimos meses no seo das mesas sindicais e na COAP, para lograr un sistema de dedicación que incorpore e sistematice a dedicación do PDI, de modo que se cumpran os



limitares legalmente establecidos polo Real decreto lei 14/2012, do 21 de abril e o artigo 36 da Lei de orzamentos da comunidade autónoma para 2014, nun contexto orzamentario de baixada e conxelación do capítulo I durante os últimos exercicios. O vicerreitor expón as principais novidades achegadas no documento final.

Unha vez exposto o punto polo vicerreitor, ábrese unha quenda de intervencións.

Solicitan a palabra os seguintes membros do Consello de Goberno:

a) Manuel Casteleiro solicita aclaración ao vicerreitor sobre as propostas aceptadas da xunta de PDI funcionario. O vicerreitor de Profesorado aclara que só se aceptan as reducións docentes derivadas dos sexenios recoñecidos no ámbito do ensino secundario.

b) Miguel Muñoz manifesta que as reducións que se recoñecen polo Plan de acción tutorial son moi escasas.

c) Ana Iglesias felicita a todas as persoas implicadas por chegaren a un acordo sobre este punto, que é unha mostra de sensatez colectiva, aínda que se poida mellorar cara ao futuro. Neste sentido, pensando no seu centro, opina que as reducións para o profesorado que asume a coordinación dos mestrados quizais non sexa suficiente, pola súa constancia e pola atención individualizada ao estudante que requiren.

d) Fernando Agrasar felicita tamén ao vicerreitor polo consenso acadado, mais sinala igualmente que no seu centro as reducións por dirección de traballos de fin de grao e mestrado son insuficientes.

O vicerreitor de Profesorado contesta ao profesor Casteleiro que a complexidade da negociación desta norma é consecuencia (legal) de supor unha modificación das condicións de traballo. Verbo das coordinacións de grao e mestrado, é unha competencia que se traslada aos centros para que fagan esa lectura específica e concreten a distribución da bolsa de horas. Comenta, tamén, o enfoque da norma sobre as reducións docentes por dirección de TFG e TFM, lembrando que deberá facerse o seguimento da súa aplicación no futuro.

Tras o debate anterior, e coa introdución do criterio de interpretación de recoñecemento da redución docente por sexenios obtidos en ensino



secundario, apróbase por asentimento o acordo e incorpórase á acta como **anexo VIII**

9. Proposta de convocatoria de prazas do PDI por procedemento de urxencia

Continúa coa palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que solicita autorización para aprobar dúas prazas de profesor asociado T1 P03 para a Área de Fisioterapia, por motivos de urxencia (renuncia do profesor Fernando Ramos por ter obtido outra praza por concurso).

Sen producirse intervencións, apróbase por asentimento a proposta da convocatoria e incorpórase como **anexo IX**.

10. Proposta de autorización de cambios de dedicación

Continúa o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente no uso da palabra, que propón non aceptar a solicitude de cambio de dedicación presentada por Luís Carlos Morato Miguel, profesor titular de escola universitaria, para pasar de dedicación a tempo parcial (P05) a tempo completo na Área de Economía Aplicada, por non cumprir a normativa de aplicación (art. 9.11 do Real decreto 898/1985).

Así mesmo, propón cambiar a dedicación da profesora María de la Cruz Arévano Fuentes, profesora interina de substitución da Área de Dereito Mercantil, que pasaría de TC a P03, por exceso de capacidade na devandita área tras a aprobación de cambios de dedicación de profesorado de corpos docentes no curso académico 2014/2015.

A proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo X**

11. Proposta de autorización de *veniae docendi*

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente continúa coa palabra para solicitar a concesión de *veniae docendi* para os profesores María Elvira Lezcano González (EU de Turismo, materia 662G01009, Introducción ao Turismo), Carlos Alberto Rivas Iglesias (EU de Turismo, materia 662G01037, Traballo Fin de Grao), Carlos Rodríguez Carro (EU de Turismo, materia 662G01004 Xeografía Turística) Lino Carrajo García (EU de Enfermaría, materia 661G01008 Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico) e María Isabel Castro Lareo (EU de Enfermaría, materia 661G01013, Situacións de Risco para a Saúde).



Ten informe favorable dos departamentos correspondentes e da COAP.

Apróbase por asentimento e incorpórase.

12. Integración na Rede de Universidades Saudables

Toma a palabra o secretario xeral para expoñer a documentación da proposta de integración na Rede de Universidades Saudables (REUS), que impulsa a Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social (ausente), en colaboración coa Facultade de Ciencias da Saúde.

Trátase de incorporar de xeito transversal o concepto de *promoción da saúde* na cultura universitaria, nas súas políticas institucionais, estrutura, procesos e plans de estudo, e incluír a identificación das necesidades da comunidade universitaria, áreas de traballo e estratexias de intervención.

Esta iniciativa partiu no ano 2008 desde os ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI), Educación, Cultura e Deporte (MECD) e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE). A día de hoxe máis de 30 universidades españolas forman parte desta rede e parece chegado o momento de solicitar a inclusión da Universidade da Coruña, para o que é preceptivo a súa autorización polo Consello de Goberno.

O documento que presentamos para información deste Consello de Goberno foi realizado de forma colaborativa por membros da comunidade universitaria que polo seu traballo, docencia, investigación ou implicación persoal tiveran interese nesta materia. Constituírse un equipo de traballo interdisciplinar, do que será responsable o profesor Sergio Santos del Riego, e adóptase o compromiso de favorecer a incorporación dos recursos necesarios cumprindo cos criterios de pertenza recollidos no documento “Principios, Objetivos y Estructura de la Red”, que se achega.

Así mesmo, o secretario xeral explica que para desenvolver a REUS na nosa universidade, a vicerreitoría de Ferrol impulsou a elaboración dun documento director do proxecto da nosa universidade, que está aberto a calquera suxestión que se estimar oportuna.

Na quenda de intervencións, a profesora Sonia Souto parabeniza á universidade por sumarse a esta iniciativa, que apoia. Porén, matiza que,



nos obxectivos da rede (p.13), di que a “prescrición” de exercicio físico a persoas con patoloxías, considera que estaríamos introducíndonos no terreo asistencial, no terreo terapéutico.

Acéptase modificar a palabra “prescrición” por “recomendación”, para evitar confusións innecesarias, e con esta modificación apróbase a incorporación.

13. Quenda aberta de intervencións

Non se produce intervención ningunha.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 10:58 horas, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito